

A produción agrícola

A agricultura tradicional baseábase no policultivo e utilizaba técnicas atrasadas e sistemas de cultivo extensivos. Na actualidade, a agricultura experimentou notables transformacións na estrutura e na produción.

1. *Cambios na estrutura:* especialízase, tecnifícase e intensifícase. Incorpora técnicas modernas, o consumo de pesticidas e fertilizantes, utilización de sementes seleccionadas e cultivos transxénicos, emprego de novas técnicas... A agricultura intensiva gaña peso respecto á extensiva pola ampliación do regadío e a diminución do barbeito.
2. *Cambios na produción:*

Cultivos	Destino	Produción	Áreas produtoras
Cereais	Alimentación humana ou animal	Creceu grazas ás mellores técnicas, pero tende a descender.	Secaños do interior . arroz e millo en regadío
Leguminosas	Alimentación humana ou animal	Reduciuse salvo nas lentellas	Secaños do interior onde rotan cós cereais
Vide	Consumo en fresco (uva) ou elaboración de viño	En descenso polas esixencias comunitarias	Castela, a Ríoxa, Xerez e Montilla
Oliveira	Consumo en fresco (oliva) ou elaboración de aceite.	Tende a descender.	Campiñas andaluzas e estremeñas
Hortofroitícolas	Consumo en fresco ou industria conserveira.	Aumentou grazas ás súas favorables perspectivas exportadoras	Levante, Andalucía, Baleares e Canarias
Cultivos industriais	Transformación industrial.	En aumento ou estabilizada	Metade meridional da Península e Val da Douro (remolacha)
Cultivos forrageiros	Alimentación animal	En aumento polo incremento da demanda gandeira	España húmida e de regadío.

A produción gandeira

A gandería tradicional baseábase na coexistencia de diversas especies gandeiras no mesmo ámbito, en explotacións pequenas que requirían abundante man de obra e producían escasa rendibilidade. Na actualidade, a gandería experimentou notables transformacións na estrutura e na produción.

1. *Cambios na estrutura:* especialízase, tecnifícase e intensifícase. A súa especialización céntrase na produción de carne e leite, substituíndose as razas nacionais polas estranxeiras; aumenta o tamaño das explotacións; o sistema intensivo (industrial) gaña peso respecto o extensivo, incrementándose nas áreas preto dos centros de consumo.

2. Cambios na produción:

Tipo de gando	Produción	Lugar	Problemas
Bovino	<ul style="list-style-type: none"> Leite Carne 	Depende da produción e o réxime do gando: <ul style="list-style-type: none"> Leiteiro extensivo: norte peninsular. Leiteiro intensivo: nos arredores das cidades. Cárnica: zonas de montaña, montes e devesas das penechairs occidentais e de Serra Morena. 	<ul style="list-style-type: none"> fortes excedentes (sistema de cotas) redución dos prezos.
Ovino	<ul style="list-style-type: none"> Carne Leite (queixos manchegos) 	Secaños do interior peninsular.	<ul style="list-style-type: none"> Persistencia de moitas explotacións tradicionais. Grazas á PAC a produción creceu e se está a modernizar a produción.
Porcino	<ul style="list-style-type: none"> Consumo fresco Fabricación de embutidos. 	Depende do réxime do gando: <ul style="list-style-type: none"> Intensivo: Cataluña. Extensivo: Extremadura e Salamanca 	<ul style="list-style-type: none"> Fortes oscilacións dos prezos debidos aos excedentes e ás importacións dos países da UE.
Avícola	<ul style="list-style-type: none"> Carne (polo e avestruz) Ovos 	Cataluña, Castela e León e Aragón.	Sector moi sensible ao descenso da demanda, tratándose de evitar coa retirada de certos continxentes para evitar a caída

A produción forestal

O terreo forestal en España está formado por especies frondosas e por coníferas. O seu destino é serradoiros e pasta; resina e cortiza. As áreas produtoras son as provincias do norte e Huelva. A produción de madeira aumentou pola forte expansión de especies de crecemento rápido. O seu problema principal é a deforestación causada polas talas e os incendios, se ben existen políticas para salvar o bosque.

Outros usos

- Residenciais:** vivendas secundarias de vacacións ou de primeira vivenda.
- Industriais:** localización de industrias en solos máis baratos.
- Recreativos:** a caza.

- Consecuencias:** positivas (recuperación das economías rurais) e negativas (degradación dos espazos rurais e competencia entre distintos usos por certos elementos como por exemplo o auga)